

5. LINGUAS EN CONTACTO: DIGLOSIA E PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

Prexuízo 1: «O galego é unha lingua que soa mal, bruta, de pailáns, de gañáns...»

1. O acento galego - Brais Doval - Mira este vídeo de Brais Doval (ata o minuto 04:20) e contesta as preguntas:

- Que comentarios recibiu Brais polo seu acento galego?
- Segundo o youtuber, cal sería unha boa medida para fomentar as diferentes culturas desde a escola?
- Que situación cualifica Brais como *lamentable*?

Prexuízo 2: «O galego é unha lingua con moi poucos falantes, non é unha lingua útil»



Cada lingua que se creou no planeta leva consigo unha forma de ver o mundo; as linguas non se poden valorar polo número de falantes, cada unha delas é patrimonio da humanidade, é un ben que se debe conservar porque garda en si unha parte da historia dos seres humanos. E os galegos creamos unha lingua, a nosa particular forma de interpretar o mundo e vivir nel, que se transmitiu de xeración en xeración, durante séculos. Somos a única xente no mundo que fala esa lingua, e iso fainos diferentes de todos os demais, fainos únicos e únicas no mundo.

Con todo, se o que che preocupa é non ter con quen falar, has de saber que por número de falantes o galego ocupa o lugar 160 entre as 5.500 linguas do mundo, o lugar 23 entre as 150 linguas europeas, e é máis falado ca algunhas linguas oficiais de Europa como o eslovaco, esloveno, maltés, islandés, escocés... En internet o galego está entre as 30 linguas máis usadas no mundo. Ademais, desde o galego podemos acceder, cun mínimo de esforzo, á lingua portuguesa e aos 244 millóns de falantes que o portugués ten nos cinco continentes.

Pensar que as linguas son máis ou menos importantes polo número de falantes que teñan é un prexuízo, o que achega prestixio a unha lingua son as manifestacións culturais que se producen nela (a súa literatura, a súa música, a súa tradición popular...). Neste sentido a galega é unha cultura moi rica o que trae como resultado, por exemplo, que a nosa lingua sexa estudada en moitas das máis prestixiosas universidades do mundo.

O número de persoas que fala unha lingua pode aumentar ou diminuír, quen o ten na súas mans son os propios falantes. Deixarse levar polo prexuízo supón contribuír para que desapareza a lingua e tamén autodiscriminarnos como pobo. O número de persoas que fala unha lingua pode aumentar ou diminuír, quen o ten na súas mans son os propios falantes. Deixarse levar polo prexuízo supón contribuír para que desapareza a lingua e tamén autodiscriminarnos como pobo.

[Texto extraído de <http://www.cotovia.org/proxecto>]

2. Para que me valeu aprender galego? - Lady Avellana - Lady Avellana ten unha canle en Youtube na que fala das súas viaxes arredor do mundo; neste vídeo comenta o útil que lle foi aprender galego para as súas viaxes. Anota as utilidades que menciona e contesta as preguntas:

- Por que di Lady Avellana que unha lingua é “moito máis do que dita a Real Academia”?
- En que lugares se fala o portugués? Con cantos millóns de persoas nos podemos comunicar en portugués?
- Ademais do portugués, que outras linguas gardan semellanza co galego?
- Onde está Buenos Aires? Por que se di que Buenos Aires é a *quinta provincia galega*?
- Por que di a youtuber que aprender galego lle serviu tamén para aprender coreano?

Prexuízo 3: «Só fala galego a xente maior»

Coñeces algún lugar da terra onde as persoas maiores falen unha lingua e a xente moza outra diferente coma se pertencesen a dous pobos distintos? O normal é que a lingua se transmita dunha xeración a outra como o legado máis importante dunha cultura e vínculo de unión entre as persoas que conforman un pobo. Pero en Galicia, en moitos casos, non pasa iso, preguntácheste por que?

Pois a razón é moi sinxela, moitos e moitas das que agora son castelanfalantes proveñen de familias galegofalantes que na súa infancia e xuventude se viron obrigados a cambiar a súa lingua para adaptarse a unha sociedade que os discriminaba pola lingua que falaban (porque na escola estaba prohibido o uso do galego, porque se falaban galego non os contrataban para traballar, porque se falaban galego burlábanse deles/as...). Estes pais, cando tiveron fillos/as quixeran que non pasasen pola mesma situación que eles viviron e, para evitalo, comezaron xa a falarlles galego dende pequenos, sen seren conscientes de que os tempos mudaran e de que en realidade estaban a privar os seus fillos da oportunidade de saber máis.

Non utilizar a mesma lingua que utilizan os nosos maiores implica perpetuar e dar por boa a situación de discriminación á que se viron sometidos.

Por outra parte, non é certo que a xente nova non fale galego. Si é verdade que hoxe en día a maioría dos mozos e mozas son castelanfalantes (polo que acabamos de explicar) e que quen vive nunha contorna castelanfalante ten a percepción de que esa é a situación xeral en toda Galicia, pero iso está moi lonxe de ser a realidade. Miles de rapazas e rapaces que tiveron a sorte de se criaren en zonas rurais ou en pequenas vilas onde o galego está plenamente vixente utilizan a súa lingua con toda a naturalidade: van de compras, xogan, estudan, chatean, fan música, ligan, viaxan... en galego.

[Texto extraído de <http://www.cotovia.org/proxecto>]



3. Le o seguinte texto de Sechu Sende e contesta as preguntas de abaixo relacionadas coa lectura:

Clara

Teño un ano e poucos días e cando escoito Clara, presto atención.

Escoito ás persoas que viven nesta casa e aprendo cousas todos os días. Mamá ten outro nome que é Laura e, cando mamá chama por Tomás sei que ese é papá. De vez en cando veñen outras persoas á casa, e as que teñen engurras nos ollos e sempre están rindo son avó e avoa. Tamén está Rula, que é pequeniña e vive dentro dunha gaiola.

Sei que estou nunha idade complicada porque o día menos pensado teño que comezar a falar, que é algo que non se fai todos os días. Falar facilita moito as cousas. Cando saiba falar por fin van saber que se choro de noite non sempre é porque teña sede ou me doía a barriga, porque ás veces soño cousas que non entendo. As cousas que non entendo son moitas aínda que hai unha que me preocupa especialmente.

Nesta casa falan dunha forma moi estraña. A mamá, a papá e aos avós cando están comendo, por exemplo, escóitolles palabras como Sopa, Pásame o pan, Un pouco de sal ou Biscoito. Eu poño o oído e escoito e vou aprendendo.

Rula é unha persoa diferente, fala dunha maneira que se chama cantar ou asubiar, que llo escoito a mamá: Que ben canta Rula, ou Asubía un pouquiño, Ruliña. Antes cando estaba soa ás veces intentaba falar como Rula, pero nunca sabía o que quería dicir. Como Rula só sei dicir fffffi ou fffffu.

Aínda que ese non é o problema, porque realmente ninguén fala como Rula nesta casa. Mamá dille de cando en vez cousas lindas: A ver, bonitiña, aquí che traio alpiste; mais dillo como fala mamá, sen ruidos raros.

O problema é que de escoitar falar a mamá, papá e os avós eu xa sei polo menos cen palabras como Peido, Pis, A nena ten fame, Xa é de noite, Esta nena é moi tranquila e moi lista, Vai chover e cousas así. Eu escoito e gardo esas palabras para min e repítoas por dentro. Hai moitas palabras que escoito que aínda non comprendo como Quilómetro, Enciclopedia ou Empanada de xoubas.

O problema que teño é que, por exemplo, mamá cando fala de min con papá di A nena está esperta e de repente vén onda min e dime: Ay mi niña, que ya despertó, despertastes, Clara? E eu sei que Clara son eu, mais aínda non sei por que me chama Mi niña se eu son A súa nena. Papá fai o mesmo, está falando coa avoa e di A nena debe de ter fame e vén e dime Clara, cosita, tienes hambre? E eu abro moito os ollos, intentando comprender que pasa aquí.

É unha situación estraña que se repite continuamente. Entre eles non, mais comigo cambian de forma de falar.

E agora estou nun dilema porque penso que están esperando a que eu me poña a falar un día destes. Eu xa sei dicir Mamá en segredo. Dígoos cando estou soa porque quero practicar e teño medo de que cando o vaia dicir por primeira vez me saia mal. Mais o meu dilema é que non sei se botar a falar como falan meus pais cando falan entre eles e con meus avós ou se poñerme a falar desa outra maneira en que me falan a min. Rula polo menos sempre fala igual.

Eu é que a meus pais non os acabo de entender. De momento vou esperar un pouco, a ver se se aclaran. Aínda que, se non queren que fale coma eles, as súas razóns terán. Digo eu...

Sechu Sende, *Made in Galiza*

- Quen é a protagonista da historia? Por que se sente tan desconcertada?
- Se non queren que fale coma eles, as súas razóns terán... Cales cres que poden ser as razóns dos pais de Clara para lle falaren diferente?
- Cres que a historia de Clara é un caso illado ou, ao contrario, cres que é a historia de moitas rapazas e rapaces de Galicia? Coñeces algún caso similar?

Prexuízo 4: «Só se fala galego no rural, nas cidades non se fala galego»

Prexuízo 5: «Fala galego porque é nacionalista»



4. Vídeo *Na Coruña fálase: na praia* - Que prexuízo ou simplificación se pretende desmontar con este vídeo?